

Manifesto

Durante a semana do 21 ao 25 de novembro, a comunidade educativa deste centro escolar reúnese para conmemorar o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Neste acto queremos reclamar a atención da sociedade sobre o feito de que a violencia contra as mulleres e as nenas é unha das formas de violencia máis estendida no mundo.

Así mesmo, queremos manifestar o noso compromiso de traballar para previr a violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións e combater calquera outro tipo de violencia.

É polo que a comunidade educativa aquí reunida manifesta:

- Facer respectar os dereitos das mulleres e das nenas.
- Opoñerse a todo tipo de violencia contra as mulleres tanto física como verbal.
- Aprender a relacionarnos respectuosa e solidariamente.
- Utilizar modelos e mensaxes cooperativos e dialogantes.